



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONCELLO DE AGOLADA PARA A REHABILITACIÓN DAS ANTIGAS CABALERIZAS DO RECINTO DOS PENDELLOS DE AGOLADA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar co Concello de Agolada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Agolada para a rehabilitación da edificación das Antigas Cabalerizas do recinto dos Pendellos de Agolada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que contamos, como neste caso a rehabilitación da edificación das Antigas Cabalerizas do recinto dos Pendellos de Agolada. Os Pendellos son construcións de orixe





medieval e únicas en Galicia, que foron declaradas Conxunto Histórico-Artístico en 1985 e que necesitan do acondicionamento necesario para realizar actividades culturais.

Por todo o anterior é o Concello de Agolada o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

